



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CORISTANCO
PARA A INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA PÚBLICA
MUNICIPAL DEPENDENTE DO MESMO**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Coristanco o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A integración na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia da Biblioteca Pública Municipal de Coristanco.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Cultura, ten atribuídas competencias en materia de lectura pública, apoiando o desenvolvemento do sistema bibliotecario de Galicia. A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de Bibliotecas de Galicia establece as liñas xerais do Sistema Galego de Bibliotecas, desenvolvidas no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas que, no capítulo V, regula a creación das bibliotecas municipais e a súa integración na Rede de Bibliotecas de Galicia.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, recolle no seu artigo 81 a obriga dos municipios cunha poboación superior aos cinco mil habitantes de prestar o servizo de biblioteca pública. O Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas, establece no artigo 30 a posibilidade de que calquera concello solicite a creación dun servizo bibliotecario e a súa integración na Rede de Bibliotecas de Galicia.

En virtude do exposto anteriormente e de acordo co disposto no artigo 38 do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, establece que o conselleiro competente en materia de cultura, por proposta do titular do centro directivo competente, resolverá a inclusión ou non do centro bibliotecario na Rede de Bibliotecas de Galicia. Esta resolución, de ser favorable, estará condicionada ó asinamento dun convenio que deberá axustarse ó estipulado no presente decreto. O non asinamento do convenio neste prazo deixará sen efectos a posible resolución favorable e suporá o arquivo definitivo da solicitude.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

Asinado electrónicamente

